

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA AS ENFERMIDADES RENAI DE A CORUÑA PARA A CESIÓN DE DATOS DAS TARXETAS DE DOANTE DE ÓRGANOS E TECIDOS

En Santiago de Compostela, a 5 de xullo de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co artigo 11 do Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, don con DNI presidente da Asociación de Loita Contra As Enfermidades Renais (ALCER) de A Coruña con CIF G15058647 en representación de dita institución.

Ambos recoñecesen con capacidade legal suficiente para subscribir dito convenio

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Asociación de loita contra as enfermidades do ril da Coruña (en adiante ALCER) recoñecida polo Ministerio de Sanidade e Consumo segundo o Acordo Marco do 13 de xuño de 1994, renovado en data 21 de maio de 2012 ten como obxectivo mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade renal e dos seus familiares. Ademais, desenvolve unha serie de actividades que teñen como obxectivo a sensibilización da sociedade en relación á doazón e o transplante de órganos e tecidos. Como parte desas actividades, ALCER elabora folletos informativos propios ou impresos coa finalidade de facilitar a doazón das persoas que voluntariamente o soliciten.

Segundo.- A Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS) constituíuse como unha axencia pública autonómica, adscrita á consellería competente en materia de sanidade a través da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, cuxo fin é, entre outros, actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a coordinación de transplantes de órganos. Neste sentido, unha das competencias recoñecidas no seus estatutos é a de conseguir as doazóns voluntarias, altruístas e anónimas de órganos necesarios para cubrir as

necesidades de transplante dos/das doentes galegos/as, no marco dos obxectivos e criterios de coordinación da Organización Nacional de Transplantes.

A Área de Órganos, Células e Tecidos da axencia é a responsable de manter os rexistros de doadores de órganos, das tarxetas de doadores de órganos e do rexistro de enfermos e enfermas renais, entre outros, así como de informar e promover a doazón voluntaria de órganos e tecidos.

Con carácter xeral, as persoas que solicitan a tarxeta de doante poden facelo a través da páxina web de ADOS, da páxina web do Sergas, ou cubrindo un folleto informativo elaborado pola propia axencia e distribuído aos centros de saúde e ás asociacións de enfermos que o soliciten.

Terceiro.- Pola súa banda, a Consellería de Sanidade é a responsable do Sistema de Información de Saúde de Galicia, de acordo co sinalado no artigo 71 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Para desenvolver máis eficazmente a súa xestión, a Consellería de Sanidade pode formalizar acordos, convenios ou outras fórmulas de xestión integrada ou compartida con outras entidades —públicas o privadas— encamiñados a lograr a coordinación óptima para aproveitar mellor os recursos sanitarios dispoñibles.

Cuarto.- En base ao anterior, e para a mellor consecución dos obxectivos das partes convenientes, ALCER pretende ceder á Consellería de Sanidade a información das persoas que solicitan perante a dita asociación a tarxeta de doante de órganos e tecidos mediante o seu folleto informativo, previo outorgamento do consentimento expreso da persoa interesada en realizar a doazón. Así pois, a finalidade do presente convenio é artellar a cesión de datos de carácter persoal para incorporar os datos dos solicitantes da tarxeta de doante de órganos e tecidos a través de ALCER no Rexistro Galego de Doantes de Órganos e Tecidos e a emisión conseguinte da tarxeta de doante.

A tal efecto cómpre significar que o tratamento e as comunicacións de datos de carácter persoal que se leven a cabo deberán respectar as previsións contidas no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en adiante, RXPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que adapta a nosa lexislación nacional ao referido no Regulamento europeo.

Por canto antecede , as partes acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións, requisitos e procedementos polos que se debe rexer a cesión, por parte de ALCER e con destino á Consellería de Sanidade, dos datos das persoas que solicitan a tarxeta de doante de órganos e tecidos, e recabados pola devandita asociación mediante o folleto informativo que se xunta como Anexo ao presente convenio.

A dita cesión de datos poderá efectuarse sempre e cando medie o consentimento expreso do/a doador/a. Asemade, os datos persoais cedidos serán empregados, única e exclusivamente, para as finalidades determinadas neste convenio.

SEGUNDA.- Obrigas das partes

A Consellería de Sanidade e ADOS asumen os seguintes compromisos:

- a) Recoller as tarxetas de doador que lle sexan entregadas por ALCER e mecanizalas para pasar a formar parte do Rexistro galego de doantes de órganos.
- b) Emitir a tarxeta física do doante e enviarlla ao seu domicilio
- c) Proporcionar información a ALCER relativa a estatísticas de tarxetas.

ALCER asume os seguintes compromisos:

- a) Entregar á Consellería de Sanidade os impresos cubertos relativos á solicitude de tarxetas de doante.

TERCEIRA.- Principios da cesión de datos

A cesión de datos axustarase aos seguintes principios e regras:

1. Adecuación dos datos subministrados ás funcións e competencias do cesionario.
2. Relevancia e utilidade da información para os fins que xustifican a cesión.
3. Proporcionalidade entre os datos subministrados e os fins para os que se solicitan.
4. Seguridade na transmisión e acceso empregados.
5. Eficiencia e minimización de custos.
6. Estrita afectación aos fins que xustifican a cesión e para os que se solicitan os datos, sen que a información poida utilizarse en prexuízo dos interesados ou afectados en ningún caso.
7. Intransferibilidade dos datos subministrados, sen que o destinatario poida, á súa vez, cedelos a terceiros.

CUARTA.- Procedemento de cesión, control e seguridade dos datos cedidos

No que respecta ao alcance da cesión de datos, dita cesión abarcará os datos declarados polo interesado. Isto será suficiente para o exercicio das funcións de rexistro, que consiste na emisión dunha tarxeta física que lle será enviada por correo ao solicitante da mesma.

Cando as persoas que, por conta da Consellería de Sanidade ou de ADOS, accedan a datos de carácter persoal, deben facelo do seguinte xeito e con estas condicións:

- a) O tratamento dos datos que aquí se ceden efectúase de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Polo tanto, a Consellería de Sanidade mantén a condición de destinatario ou cesionario con relación aos datos en cuestión.
- b) Aos efectos do acceso e o tratamento, as persoas que, prestando servizos na Consellería de Sanidade e ADOS, interveñan en calquera fase do tratamento dos datos, quedan obrigadas polo deber de confidencialidade e seguridade dos datos de carácter persoal.
- c) Con carácter específico, en todas as previsións das actividades que forman parte do exercicio das súas funcións, a Consellería de Sanidade e ADOS están suxeitos ao disposto no Título V da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

QUINTA.- Garantías

Cantas autoridades, persoal funcionario e demais persoal ao servizo das partes asinantes que teña coñecemento dos datos ou informacións subministradas, virán obrigados ao máis estrito e completo deber de sigilo respecto daqueles datos ou informacións.

SEXTA.- Financiamento

As actuacións previstas no presente convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, polo que non precisa consignación orzamentaria.

SÉTIMA.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento do obxecto deste convenio constituirase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións, á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte de ALCER dúas persoas designadas pola Presidencia; e por parte da Consellería de Sanidade, dúas persoas que designe ADOS.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

1. Velar polo cumprimento do convenio e polo uso axeitado da información cedida.
2. Impulsar e desenvolver o convenio.
3. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
4. Coordinar as actividades necesarias para a execución do convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control.
5. Concretar calquera aspecto relacionado coa subministración de información establecido por este convenio que precise de desenvolvemento posterior.
6. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
7. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A comisión reunirse coa frecuencia que determinen os seus membros e a instancia de calquera das partes, para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada e a ela poderán ser convocados, con voz pero sen voto, aqueles técnicos que, con carácter asesor, designen as partes.

Os acordos adoptaranse preferentemente por consenso das partes representadas ou, no seu defecto, por maioría simple.

NOVENA.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura por un máximo de catro anos prorrogables por outros catro.

DÉCIMA.- Modificación e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, mediante a subscrición da oportuna addenda.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.

UNDÉCIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e a execución do presente convenio, deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta de Seguimento. A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar deste será a contencioso-administrativa.

DUODÉCIMA.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Asociación para a Loita das
Enfermidades Renais

Pola Consellería de Sanidade e ADOS

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade e Presidente
de ADOS